

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

20063 Orde ARM/3371/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas.

Por esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2009/74/CE da Comisión, do 26 de xuño, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/55/CE e 2002/57/CE do Consello, no que respecta aos nomes botánicos das plantas e aos nomes científicos doutros organismos, e determinados anexos das directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/57/CE, á luz da evolución do coñecemento científico e técnico.

Estas directivas e as súas sucesivas modificacións xa foron incorporadas ao ordenamento xurídico interno, mediante o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986 e modificacións posteriores, e no que respecta ás sementes de plantas oleaxinosas, polo Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, obxecto de sucesivas modificacións.

Dado que estes regulamentos técnicos sufriron importantes modificacións ao longo destes anos e que a Directiva 2009/74/CE introduce igualmente amplas modificacións nos anexos, considerouse máis adecuado aprobar un novo regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas.*

Apróbase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas co contido que figura no anexo desta disposición.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/74/CE, da Comisión, do 26 de xuño de 2009, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/55/CE e 2002/57/CE do Consello no que respecta aos nomes botánicos das plantas e aos nomes científicos doutros organismos, e determinados anexos das directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/57/CE, á luz da evolución do coñecemento científico e técnico.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo a regulación relativa ás sementes importadas, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de decembro de 2010.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.

ANEXO I

Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas

I. *Especies suxeitas ao regulamento técnico*

Quedan incluídas no ámbito de ampliación deste regulamento técnico as sementes das seguintes especies de plantas oleaxinosas:

Arachis hypogaea L.: cacahuete.
Brassica juncea (L.) Czern.: mostaza da China.
Brassica napus L. (partim): colza
Brassica nigra (L.) W.D.J. Koch: mostaza negra.
Brassica rapa L. var. silvestris (Lam.) Briggs: nabíña.
Carthamus tinctorius L.: cártamo.
Glycine max (L) Merr: soia.
Helianthus annuus L.: xirasol.
Linum usitatissimum L. (partim.): liño oleaxinoso.
Papaver somniferum L.: durmideira.
Sinapis alba L.: mostaza branca.

Só se poderá denominar «semente» das plantas oleaxinosas mencionadas a que proceda de cultivos controlados polos servizos oficiais de control, e que fose obtida segundo o disposto neste regulamento, así como na Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos; o Decreto 3767/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre produción de sementes e plantas de viveiro, e modificacións posteriores, así como na Orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, e modificacións posteriores.

Tamén poderá recibir a denominación de «semente» a importada que cumpra os correspondentes requisitos legais.

II. *Categorías de semente*

a) Admítense, en xeral, as seguintes categorías de semente:

Material parental.
Sementes de prebase.
Semente de base.
Semente certificada.

En variedades das especies soia, cacahuete e liño oleaxinoso, admítense as seguintes categorías:

Material parental.
Sementes de prebase.
Semente de base.
Semente certificada de primeira reprodución (R-1).
Semente certificada de segunda reprodución (R-2).

Para as especies mostaza negra e cacahuete admítense ademais a categoría comercial.

b) O material parental é a unidade inicial utilizada na conservación da variedade e constitúe a xeración X-0. A primeira multiplicación deste material denominarase xeración X-1, e así sucesivamente, e constitúen as sementes de prebase.

c) Enténdese por semente de base a obtida como máximo na terceira xeración en xeral, e cuarta xeración para cártamo, soia e liño oleaxinoso desde o material parental, salvo en variedades de obtentor, en que se admitise unha xeración distinta, ao se efectuar a súa inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais.

No caso de produción de semente híbrida considerarase como semente de base a dos parentais utilizados directamente para a obtención do híbrido.

III. *Variedades comerciais admisibles á certificación*

Nas especies para as cales se establecese unha lista española de variedades comerciais ou un catálogo común de variedades da Unión Europea, só se poderá producir para presentarse á certificación oficial e comercializarse semente de variedades incluídas nestes, exceptuándose aquela que se destine exclusivamente á exportación ou a daquelas especies para as cales se admita a categoría de semente comercial e se precinte con esta categoría.

IV. *Produción de sementes*

a) Requisitos dos procesos de produción: salvo o disposto na alínea b) para as xeracións anteriores á semente de base, na alínea d) para a produción de semente de híbridos de xirasol e na alínea e) para a produción de semente de liñas parentais e híbridos de colza, os campos de produción de sementes deben cumprir os requisitos que se sinalan no anexo número un.

b) Requisitos especiais para a obtención de semente de base:

1.º Método para a conservación dunha variedade comercial.—O método para a conservación das variedades de obtentor será o descrito na inscrición destas no Rexistro de Variedades Comerciais, seguindo normas de selección varietal conservadora xeralmente admitidas para a especie.

O método que se debe seguir para a conservación dunha variedade de obtentor non coñecido baséase:

a') Para as especies xirasol, cártamo e nabiña, na selección do material parental por medio de probas de descendencia e a súa multiplicación en liñas, entendéndose por tales o conxunto de plantas que proceden das sementes dunha planta.

b') Para as especies soia e cacahuete, nas sucesivas colleitas de plantas para iniciarse cada novo proceso de conservación e multiplicación en liñas, entendéndose por tales o conxunto de plantas que proceden das sementes dunha planta.

c') No caso da colza, nas sucesivas colleitas de plantas autofecundadas para iniciarse cada novo proceso de conservación e multiplicación en liñas, entendéndose por tales o conxunto de plantas que proceden das sementes dunha planta.

Nos casos b') e c'), se as sucesivas colleitas de plantas se realizan nas liñas en que foron sementadas as sementes das plantas recollidas o ano anterior, débese facer de tal modo que o número de familias sexa superior a 20, entendéndose por familia o conxunto de plantas que proceden dunha mesma liña.

O plan xeral de produción de semente de base deberá ser enviado ao Rexistro de Variedades Comerciais para a súa aprobación e estar de acordo coas normas xerais que se dispoñen neste regulamento.

d') Material parental. O material parental obtense mediante colleita en campos de máxima garantía varietal dun número suficiente de plantas para que, unha vez desbotadas en laboratorio e probas de descendencia, se for o caso, aquelas que presenten

características impropias da variedade que se pretende conservar, e tendo en conta as reservas, cando estas estean constituídas polas sementes de plantas distintas das empregadas, quede un remanente que permita utilizar na sementeira a semente de non menos de 200 plantas.

e') Producción de X-1. As sementes de cada planta sementaranse dunha ringleira. As parcelas de produción de X-1 deberán cumprir como mínimo o sinalado no anexo número 1 para a semente base, no que a número de anos sen cultivar a mesma especie na parcela se refire. Non se aceptarán para este efecto as parcelas cuxa falta de homoxeneidade do solo poida dificultar a determinación das variacións de tipo das plantas resultantes.

Durante todo o proceso vexetativo eliminarase toda liña ou planta aberrante. Nas especies xirasol, cártamo e nabiña, a eliminación efectuarase sempre antes da floración, nas restantes especies, se a eliminación se efectúa en época posterior á floración, non só se arrincarás a liña en que aparezan anomalías, senón tamén as contiguas, excepto no caso da colza en que se eliminarán as tres liñas anteriores e as tres seguintes.

As parcelas de produción de X-1 deberán estar illadas de calquera sementeira da mesma especie polas distancias que a continuación se detallan.

As citadas en segundo lugar corresponden ao illamento mínimo exixido cando o cultivo próximo está sementado con semente de base ou categoría anterior á de base da mesma variedade.

	Metros	Metros
Cacahuete	100	20
Cártamo	800	100
Colza	500	50
Xirasol	1.200	200
Nabiña	800	100
Soia	100	20

Estas distancias poderán non observarse cando exista unha protección suficiente contra calquera polinización estraña non desexable.

Non se exige ningún illamento con parcelas sementadas con semente X-1 para producir X-2 da mesma variedade.

f') Producción de X-2. Para a obtención da semente correspondente á X-2 sementarase, sen necesidade de conservar a filiación, a semente recolectada nas parcelas correspondentes á X-1.

As parcelas de produción de X-2 deberán cumprir como mínimo os requisitos sinalados no anexo número un para a semente de base.

Nestes campos deberanse eliminar todas as plantas cuxas características non correspondan á variedade que se conserva.

g') Requisitos especiais para a produción de semente de base de xirasol híbrido:

g') 1. Producción de X-1: as sementes de cada planta sementaranse en ringleira. Non se aceptarán as parcelas cuxa falta de homoxeneidade do solo poida dificultar a determinación das variacións de tipo das plantas resultantes.

Antes da floración eliminarase na súa totalidade toda a liña en que aparezan plantas fóra de tipo ou aberrantes. A produción obtida constituirá a xeración X-1.

g') 2. Producción de X-2: para a obtención da semente X-2, sementarase a semente X-1 sen necesidade de conservar a filiación.

Enténdese como semente de base a obtida, como máximo, na terceira xeración (X-3) para ambos os parentais do híbrido.

g') 3. Illamento: as parcelas de produción de X-1, X-2 e X-3, deberán estar illadas de calquera sementeira de xirasol, por unha distancia mínima de 2.000 metros.

En casos particulares, poderanse admitir distancias menores, pero nunca inferiores a 1.600 metros.

Estas distancias poderán non observarse cando exista unha protección suficiente contra calquera polinización estraña non desexable.

Non se exixirá illamento entre dous campos se un terminou o seu ciclo floral cando o outro non o comezou aínda, entendéndose como principio e final de floración o momento en que un 2 por 1.000 das plantas femias están receptivas para o caso do posible campo contaminado, e o momento en que un 2 por 1.000 do total de plantas capaces de emitir pole o está facendo, para o caso do posible campo contaminante.

g') 4. Plantas fóra de tipo:

Parental masculino.—O número de plantas fóra de tipo, que emiten pole, será como máximo o 2 por 1.000 a partir do momento en que haxa un 2 por 100 de plantas femias receptivas.

Parental feminino.—O número de plantas fóra de tipo será como máximo o 2 por 1.000, cando a semente base sexa unha liña pura e o 5 por 1.000, cando sexa un híbrido simple. En ambos os casos a porcentaxe máxima admitida de plantas femias emitindo pole é o 5 por 1.000.

2.º Inspeccións que se realizarán.—Realizaranse inspeccións oficiais nos campos de produción de semente de base e xeracións anteriores polo menos dúas veces: unha, na época anterior á floración, e outra, durante a maduración.

Para o caso de liñas puras de xirasol híbrido, as inspeccións faranse: unha, quince días antes da floración, e outra, en plena floración.

O persoal técnico do produtor, cantas veces sexan precisas para manter en todo momento as parcelas debidamente depuradas.

c) Requisitos especiais da semente certificada:

1.º Variedades nunha leira.—Nunha mesma leira de agricultor colaborador só se poderá cultivar para obtención de semente un número limitado de variedades de cada especie, previamente autorizado. Este número depende do tamaño da leira e dos medios de que dispoña.

2.º Inspeccións que se realizarán.—Realizaranse inspeccións oficiais en toda parcela de produción de semente polo menos dúas veces: unha, antes ou durante a floración, e outra, despois desta e próxima á recolección.

d) Requisitos especiais para a produción de semente de híbridos de xirasol:

d) 1. Illamento.—A distancia mínima respecto a outro campo da mesma especie será de 700 metros.

Esta distancia poderá non observarse cando exista unha protección suficiente contra calquera polinización estraña non desexable.

Cando se trate de dous campos de produción co mesmo parental masculino non será necesario illamento. Neste caso, se un dos campos é rexeitado por femias emitindo pole, quedaría rexeitada a franxa do outro que estiver situada a menos de 200 metros do extremo do campo rexeitado.

Tampouco se exixirá illamento entre dous campos se un terminou o seu ciclo floral cando o outro non comezou aínda, entendéndose como principio e final de floración o momento en que un 1 por 100 das plantas femias están receptivas para o caso do posible campo contaminado e o momento en que un 1 por 100 do total de plantas capaces de emitir pole o están facendo, para o caso do posible campo contaminante.

d) 2. Plantas fóra de tipo.—O número máximo admitido de plantas fóra de tipo é:

En parental masculino: 5 por 1.000.

En parental feminino: 1 por 100.

En ambos os casos, estas porcentaxes exixíranse a partir do momento en que haxa un 5 por 100 de plantas femias receptivas.

A porcentaxe máxima admitida de plantas femias emitindo pole é do 5 por 1.000.

d) 3. Floración.—Non se admitirá ningún campo de produción de semente de híbrido se non existe como mínimo unha poboación de 500 plantas por hectárea de parental

masculino emitindo pole cando o parental feminino estea en plena floración (50 por 100 de plantas femias receptoras).

d) 4. Inspeccións.—O persoal técnico dos servizos oficiais de control inspeccionará sempre que sexa posible, todos os campos de produción de semente híbrida; unha vez, quince días antes da floración, e outra, cando as plantas estean en floración.

Para determinar as distintas proporcións relativas efectuaranse contaxes ao chou en número non inferior a catro por parcela ata 50 hectáreas e en proporción decrecente para maiores superficies e cada unha de non menos de 500 plantas. As áreas de contaxe elixiranse pola súa vez ao chou e referidas á totalidade da parcela.

No caso de campos en que exista falta de homoxeneidade nas plantas, se unha parte do campo está ben e outra, claramente delimitada, supera os máximos tolerados, xa sexa de plantas fóra de tipo ou de femias emitindo pole, considerarase como dúas parcelas contiguas, e rexeitarase a zona que non cumpra os mínimos requiridos, máis unha franxa de seguridade de 200 metros.

e) Requisitos especiais para a produción de semente de liñas parentais e híbridos de colza:

e) 1. Cultivos anteriores.—O cultivo realizarase nun terreo en que non se cultivasen crucíferas nos cinco últimos anos.

e) 2. Illamento.—A distancia a fontes de pole que poidan producir unha polinización estraña prexudicial será de polo menos 500 m no caso de produción de semente de base, e de polo menos 300 m no caso de produción de semente certificada. Estas distancias poderán non observarse cando exista unha protección suficiente contra calquera polinización estraña non desexable.

e) 3. Plantas fóra de tipo.—As porcentaxes máximas admitidas de plantas fóra de tipo, serán as seguintes:

Para a produción de semente de base:

Se a semente de base é unha liña pura: 0,1%.

Se a semente de base é un híbrido simple:

Parental masculino: 0,1%.

Parental feminino: 0,2%.

Para a produción de semente certificada:

Parental masculino: 0,3%.

Parental feminino: 1,0%.

e) 4. Androesterilidade.—Cando se utilice un compoñente androestéril, o seu contido máximo admitido en plantas capaces de emitir pole será o seguinte:

Produción de semente de base: 1%.

Produción de semente certificada: 2%.

Estas porcentaxes determinaranse examinando as flores para comprobar a ausencia de anteras fértiles.

e) 5. Inspeccións.—O número de inspeccións de campo será de tres como mínimo: a primeira antes da floración, a segunda ao comezo da floración, e a terceira ao final desta.

f) Requisitos das sementes: as sementes das distintas categorías deben cumprir os requisitos que se sinalan no anexo número dous, salvo os correspondentes a pureza varietal das sementes parental e híbrida de colza, que serán os que figuran na alínea g).

g) Requisitos especiais da semente parental e híbrida de colza: no caso de híbridos de colza producidos utilizando androesterilidade, a semente terá suficiente identidade e pureza en canto ás características varietais dos seus compoñentes, incluíndo, segundo os casos, a androesterilidade ou a restauración da fertilidade.

A pureza varietal mínima da semente será a seguinte:

Tipo de semente	Pureza varietal mínima (%)
Semente de base (compoñente feminino)	99,0
Semente de base (compoñente masculino)	99,9
Semente certificada	90,0

Para poder precintar a semente certificada será necesario dispoñer de resultados satisfactorios dun poscontrol oficial en campo realizado con mostras de semente de base tomadas oficialmente e levado a cabo durante o mesmo período vexetativo en que se está producindo a semente certificada, co fin de confirmar que as sementes de base cumpren os requisitos establecidos en canto á identidade e pureza, incluída a androesterilidade.

A pureza varietal da semente híbrida comprobarase por medio de ensaios oficiais de poscontrol realizados con mostras tomadas oficialmente.

Tanto para a semente de base como para a certificada de híbridos de colza, a pureza varietal poderase avaliar mediante métodos bioquímicos adecuados, en lugar de mediante ensaios de poscontrol en campo.

h) Comunicacóns dos produtores:

1.º Declaración de cultivos.–A declaración de cultivos ten que estar en poder dos servizos oficiais de control nun prazo máximo de trinta días despois de efectuada a sementeira das parcelas.

Poderase exixir aos produtores que presenten bosquejos detallados de situación da leira e da parcela.

Calquera modificación na declaración de cultivos comunicarse dentro do prazo de quince días de se ter producido.

2.º Comunicacóns durante o ciclo de produción e preparación das sementes. Son necesarias as seguintes:

Floración nun prazo máximo de tres días despois de iniciada.

Data en que se iniciará a recolección.

V. Precintaxe de sementes

a) Requisitos dos lotes de semente: os tamaños máximos dos lotes de semente serán os indicados no anexo número tres.

b) Envases: os envases en que se vaia comercializar a semente poderán ter calquera capacidade comprendida entre 3 e 50 quilos, e non existirán limitacións en canto ao material de que estean fabricados, sempre que reúnan as suficientes condicións de seguridade e sexan aptos para a conservación da semente. Exceptúanse da limitación superior de peso os contedores ou outros recipientes que se admitan internacionalmente para o transporte de semente.

c) Precintaxe: para todas as especies suxeitas a este regulamento precintaranse ademais das sementes de base, certificadas, certificadas de primeira, segunda e terceira reprodución, as correspondentes á categoría inmediatamente anterior á de base.

d) Para as especies incluídas neste regulamento será de aplicación o disposto nos puntos 26a, 26b e 26c do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, referente a sementes non certificadas definitivamente, e só nos casos en que procedan da multiplicación de sementes das seguintes categorías:

Soia, cacahuete e liño oleaxinoso: prebase, base e certificada de primeira reprodución.

Resto de especies: prebase e base.

VI. *Probas de precontrol e poscontrol*

Todo produtor debe sementar en campos de precontrol unha parcela coa mostra de cada lote que precintase de semente de base.

Nos ensaios de poscontrol sementaranse polo menos as mostras correspondentes a un 30 por 100 dos lotes de semente certificada que non se vaia utilizar para novas multiplicacións, elixidos ao chou. Nos ensaios de poscontrol de xirasol híbrido sementaranse as mostras de todos os lotes.

O tamaño das parcelas correspondentes a cada mostra non debe ser inferior a 20 metros cadrados para as de semente certificada nin a 30 metros cadrados para as de base.

Nas parcelas de precontrol e poscontrol sinalaranse, pero non se arrincarán, as plantas doutras variedades, doutro tipo (non as que sexan variación típica da variedade), e mutantes.

VII. *Produtores de sementes*

a) Categorías dos produtores. Admítense as seguintes categorías de produtores:

Produtor-obtentor.

Produtor-seleccionador.

b) Capacidade das instalacións: a capacidade das instalacións para ser produtor-seleccionador, das especies sinaladas neste regulamento, debe ser tal que, como mínimo, permita a manipulación dunha produción anual de 1.000 toneladas métricas de semente, excepto para os produtores que obteñan exclusivamente semente dunha soa especie, caso en que se permitirá que a capacidade das instalacións sexa menor.

c) Instalacións: comprobarase que as características das instalacións mínimas exixidas no Regulamento xeral de control e certificación son as adecuadas en cada caso.

d) Campos en cultivo directo: deberán dispoñer de campos en cultivo directo para a obtención das xeracións anteriores a base e para establecer os campos de pre e poscontrol, en superficie adecuada aos seus plans de produción. A semente de base poderase producir en leiras de agricultores-colaboradores, logo de autorización dos servizos oficiais de control.

VIII. *Comercialización*

a) Etiquetas: nas etiquetas oficiais e nas do produtor, ou impresos equivalentes se for o caso, deberán figurar como mínimo os datos que exige o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.

Cando se trate de semente de híbridos especificarase claramente de que tipo de híbrido se trata.

b) Subdivisión en envases pequenos: os produtores non poderán proceder ao fraccionamento dos envases orixinais noutros máis pequenos se estes non son precintados polos servizos oficiais de control.

Neste último caso, permitirase unha tolerancia en peso do 2 por 100 como máximo.

c) Semente de campañas anteriores: para poder comercializar semente, unha vez transcorrido o período de dez meses de validez da precintaxe, é requisito indispensable a realización de novas análises así como que os servizos oficiais de control realicen unha reprecintaxe coa correspondente toma de mostras.

d) Comunicacions relativas á comercialización: as vendas por variedades e remanentes de semente procedente da campaña anterior comunicaranse antes do 1 de outubro de cada ano, para as variedades que se sementen en primavera, e do 1 de marzo, para as de outono.

e) Asociacións varietais: poderase comercializar semente de especies de plantas oleaxinosas en forma de asociación varietal.

Para tales efectos, enténdese por:

Asociación varietal: unha asociación de semente certificada dun híbrido dependente dun polinizador específico, inscrito na Lista de variedades comerciais ou no Catálogo común de variedades de plantas agrícolas, con semente certificada de un ou varios polinizadores

específicos, igualmente inscritos, mesturadas mecanicamente en proporcións determinadas conxuntamente polas persoas responsables do mantemento dos ditos compoñentes, téndose notificado a dita combinación á autoridade competente de certificación.

Híbrido dependente dun polinizador: o compoñente androestéril da asociación varietal (compoñente feminino).

Polinizador ou polinizadores: o compoñente da asociación varietal que emite o pole (compoñente masculino).

A semente dos compoñentes feminino e masculino tratarase con produtos de cores diferentes.

Nas etiquetas de asociacións varietais, en lugar do nome da variedade, farase constar a indicación «asociación varietal» e o seu nome, e indicaranse as porcentaxes en peso dos distintos compoñentes desagregados por variedades. É suficiente mencionar a denominación da asociación varietal, se se dá por escrito a composición desta ao comprador, e se a dita denominación se rexistrou oficialmente.

IX. Semente importada

A semente que se importe de países terceiros deberá corresponder a especies e categorías para as cales fose recoñecida a equivalencia nos procesos de produción e dos requisitos da semente a nivel da Unión Europea.

ANEXO 1

Requisitos dos procesos de produción

Especie e clase de semente	Tamaño das parcelas (Mínimo)	Número de anos sen cultivar a mesma especie na parcela (Mínimo)	Illamento (Mínimo) (1)	Plantas outras variedades (Máximo)	Plantas outras especies cultivadas (Máximo)	Plantas infectadas (Máximo)
Durmideira:						
Semente de base	—	1 ano.	1.000 m	2/1.000	—	—
Semente certificada	—	1 ano.	400 m	5/1.000	—	—
Cacahuete:						
Semente de base	—	1 ano	20 m	1/1.000	Cero	50/ha
Semente certificada (R-1)	3 ha	1 ano	5 m	2/1.000	5/ha	500/ha
Semente certificada (R-2)	5 ha	1 ano	5 m	5/1.000	5/ha	500/ha
Cártamo:						
Semente de base	—	2 anos	500 m	1/30 m ²	Cero	50/ha
Semente certificada	5 Ha.	2 anos	200 m	1/10 m ²	5/ha	500/ha
Colza:						
Semente de base	—	3 anos (2)	400 m (3)	1/1.000	1/100 m ² (4)	50/ha
Semente certificada	5 ha	3 anos (2)	200 m (3)	3/1.000	4/100 m ² (4)	500/ha
Xirasol:						
Semente de base	—	2 anos naturais (5)	1.000 m	2/1.000	Cero	50/ha
Semente certificada	5 ha	1 ano natural (5)	500 m.	5/1.000	5/ha	500/ha
Liño oleaxinoso:						
Semente de base	—	2 anos	10 m	3/1.000	—	—
Semente certificada (R-1 e R-2)	2 ha	2 anos	0,5 m	20/1.000	—	—
Mostaza branca, negra e da China:						
Semente de base	—	3 anos (2)	400 m (3)	1/30 m ²	1/100 m ² (4)	50 ha
Semente certificada	5 ha	3 anos (2)	200 m (3)	1/10 m ²	4/100 m ² (4)	500 ha

Especie e clase de semente	Tamaño das parcelas (Mínimo)	Número de anos sen cultivar a mesma especie na parcela (Mínimo)	Illamento (Mínimo) (1)	Plantas outras variedades (Máximo)	Plantas outras especies cultivadas (Máximo)	Plantas infectadas (Máximo)
Nabiña:						
Semente de base	—	3 anos (2)	500 m (3)	10/1.000	1/100 m ² (4)	50 ha
Semente certificada	5 ha	3 anos (2)	200 m (3)	20/1.000	4/100 m ² (4)	500 ha
Soia:						
Semente de base	—	1 ano	20 m	1/1.000	Cero	50/ha
Semente certificada (R-1)	5 ha	1 ano	5 m	2/1.000	5/ha	500/ha
Semente certificada (R-2)	5 ha	1 ano	5 m	5/1.000	5/ha	500/ha

Notas:

- (1) Estas distancias poderán non observarse cando exista unha protección suficiente contra toda polinización estraña non desexable.
- (2) Tres anos sen cultivar especies do xénero «Brassica».
- (3) Estes illamentos refírense a calquera outro cultivo do xénero «Brassica».
- (4) Refírense a plantas do xénero «Brassica», tanto cultivadas como silvestres.
- (5) En determinados casos e á vista de posibles infeccións, en especial de «Plasmopara spp.», poderase ampliar o número de anos en que o terreo debe ter permanecido libre de cultivo ou de plantas da mesma especie.

Observacións:

1.^a Tamaño mínimo das parcelas.—Para os efectos deste precepto, poderase considerar como «parcela» un conxunto de parcelas contiguas, ou separadas menos de 200 metros, pertencentes ao mesmo ou a distintos propietarios, cando concorran circunstancias que así o aconsellen e logo de autorización do servizo oficial de control.

2.^a Illamentos.—Non se exige ningún illamento entre dúas parcelas de produción de semente híbrida, sempre que o parental masculino utilizado sexa o mesmo nas dúas parcelas.

As distancias mínimas pódense reducir a 10 metros, cando se trate dun campo de produción de semente e doutro sementado con semente da mesma variedade e categoría igual á que se vai producir e sempre que fose obtida polo mesmo produtor.

3.^a Plantas doutras variedades.—Para a determinación das proporcións de plantas doutras variedades ou fóra de tipo, así como as referentes aos puntos cuarto e quinto, efectuaranse contaxes ao chou seguindo métodos adecuados para iso.

4.^a Plantas doutras especies cultivadas.—Consideraranse unicamente as especies cultivadas de difícil separación mecánica na manipulación das sementes.

Os servizos oficiais de control poderán diferir a aceptación ou anulación dunha parcela no caso de que se excedan os máximos fixados ata que se proceda á selección mecánica e análise das mostras, cando o produtor o solicite e sempre que quede garantido que a semente da parcela considerada non se mesturou coa doutras parcelas.

5.^a Plantas infectadas.—Consideraranse aquelas enfermidades que se transmiten por semente ou que danen esta directa ou indirectamente de forma apreciable. A presenza de plantas atacadas por estas enfermidades poderá ser motivo de rexeitamento do campo.

En especial e en relación coa produción de semente de xirasol, rexeitarase toda parcela en que, nunha inspección oficial, se detecte máis do 0,1 por 100 de plantas atacadas de mera («Plasmopara ssp.») cando se trate de variedades resistentes, e do 0,01 por 100 en variedades sensibles.

No caso de variedades sensibles, ademais de cumprirse o exposto anteriormente, para poder comercializalas será obrigatorio un tratamento previo da semente cunha materia activa de probada eficacia contra a dita enfermidade.

No caso de soia (*Glycine max*) prestarase especial atención aos microorganismos: «*Pseudomonas syringae* pv. *glycinea*», «*Diaporthe phaseolorum* var. *caulivora* e var. *sojae*», «*Phialophora gregata*» e «*Phytophthora megasperma* f.sp. *glycinea*».

ANEXO 2

Requisitos das sementes

Especie e clase de semente	Pureza específica (Mínimo) – Porcentaxe	Materia inerte (Máximo) – Porcentaxe	Pureza varietal (Mínimo) – Porcentaxe	Sementes outras variedades distinguibles en laboratorio (Máximo)	Sementes outras especies (Máximo)	Sementes de Avena fatua e Avena sterilis (*)	Cuscuta spp. (*)	Raphanus raphanistrum (*)	Rumex spp. distinto de R. acetosella (*)	Xerminación (Mínimo) – Porcentaxe	Humidade (Máximo) – Porcentaxe
Durmideira:											
Semente de base e ant. . . .	98	2	99	–	25/10 g	0	0(b)(c)	–	–	80	8
Semente certificada	98	2	98	–	25/10 g	0	0(b)(c)	–	–	80	8
Cacahuete:											
Semente de base e ant. . . .	99	1	99,8	0,5/1.000	3/1.000 g	0	0(b)	–	–	80	12
Semente certificada (R–1) . . .	99	1	99,7	1/1.000	4/1.000 g	0	0(b)	–	–	80	12
Semente certificada (R–2) . . .	99	1	99,5	3/1.000	5/1.000 g	0	0(b)	–	–	80	12
Cártamo:											
Semente de base e ant. . . .	98	2	99,8	1/1.000	5/900 g	0	0(b)(c)	–	–	80	8
Semente certificada	98	2	99,7	3/1.000	5/900 g	0	0(b)(c)	–	–	80	8
Colza e nabiña:											
Semente de base e ant. . . .	98	2	99,9	1/1.000	0,3 %	0	0(b)(c)	10	2	85	8
Semente certificada	98	2	99,7	3/1.000	0,3 %	0	0(b)(c)	10	5	85	8
Xirasol:											
Semente de base e ant. . . .	98	2	99,8	1/1.000	5/1.000 g	0	0(b)	–	–	85 (d)	8
Semente certificada	98	2	99,7 (a)	3/1.000	5/1.000 g	0	0(b)	–	–	85	8
Liño oleaxinoso:											
Semente de base e ant. . . .	99	1	99,7	–	15/150 g	0	0(b)(c)	–	–	85	12
Semente certificada (R–1) . . .	99	1	98	–	15/150 g	0	0(b)(c)	–	–	85	12
Semente certificada (R–2) . . .	99	1	97,5	–	15/150 g	0	0(b)(c)	–	–	85	12
Mostaza branca:											
Semente de base e ant. . . .	98	2	99,7	–	0,3 %	0	0(b)(c)	10	2	85	8
Semente certificada	98	2	99	–	0,3 %	0	0(b)(c)	10	5	85	8
Mostaza negra e da China:											
Semente de base e ant. . . .	98	2	99,8	–	0,3 %	0	0(b)(c)	10	2	85	8
Semente certificada	98	2	99,7	–	0,3 %	0	0(b)(c)	10	5	85	8
Soia:											
Semente de base e ant. . . .	98	2	99,8	0,5/1.000	5/1.000 g	0	0(b)	–	–	80	12
Semente certificada (R–1) . . .	98	2	99,7	1/1.000	5/1.000 g	0	0(b)	–	–	80	12
Semente certificada (R–2) . . .	98	2	99,5	3/1.000	5/1.000 g	0	0(b)	–	–	80	12

Notas:

(*) Nunha mostra do peso indicado no anexo 3 para realizar as contaxes.

(a) No caso de semente híbrida a máxima porcentaxe admitida de plantas estériles é do 5 por 100.

(b) A contaxe de sementes de «Cuscuta spp.» pode non realizarse, a non ser que haxa dúbidas respecto ao seu contido.

(c) A presenza dunha semente de «Cuscuta spp.» nunha mostra do peso indicado non se considera impureza se unha segunda mostra do mesmo peso está exenta.

(d) A semente de base que non cumpra os requisitos mínimos de xerminación poderase utilizar para producir semente pola propia entidade, sempre que exista aceptación expresa desta circunstancia por parte do agricultor colaborador, e logo de autorización do Servizo Oficial de Control.

Observacións:

1.^a Requisitos das sementes híbridas.—As sementes híbridas de categoría certificada deberán cumprir, para cada especie, os requisitos mínimos sinalados neste anexo para a semente certificada de primeira reprodución.

2.^a Todo lote de liño que conteña máis de catro sementes de «*Alopecurus myosuroides*» ou máis de dúas sementes de «*Lolium remotum*» nunha mostra de 150 gramos, será rexeitado.

3.^a Sementes portadoras de infeccións.—Rexeitarase:

Todo lote de semente de cártamo en que aparezan sementes de «*Orobanche spp.*». Isto, non obstante, se soamente aparece unha semente nunha mostra de 100 gramos non se considerará como impureza se unha segunda mostra de 200 gramos está exenta.

Todo lote de xirasol en que aparezan máis do 5 por 100 de sementes infectadas por «*Botrytis spp.*» ou máis de 10 esclerocios ou fragmentos de esclerocio de «*Sclerotinia sclerotiorum*» nunha mostra de 1.000 gramos.

Todo lote de colza en que aparezan máis de 10 esclerocios ou fragmentos de esclerocio de «*Sclerotinia sclerotiorum*» nunha mostra de 100 gramos.

Todo lote de nabiña en que aparezan máis de 5 esclerocios ou fragmentos de esclerocio de «*Sclerotinia sclerotiorum*» nunha mostra de 70 gramos.

Todo lote de mostaza branca en que aparezan máis de 5 esclerocios ou fragmentos de esclerocio de «*Sclerotinia sclerotiorum*» nunha mostra de 200 gramos.

A contaxe de esclerocios ou fragmentos de esclerocio de «*Sclerotinia sclerotiorum*» pode non realizarse a non ser que haxa dúbidas respecto á súa presenza.

Todo lote de liño oleaxinoso que conteña máis do 5 por 100 de sementes infectadas por «*Botrytis spp.*», «*Alternaria linicola*», «*Phoma exigua var. linicola*», «*Colletotrichum linicola*» ou «*Fusarium spp.*».

Todo lote de semente de base ou certificada de soia deberá cumprir as normas especiais seguintes:

a) Con respecto a «*Pseudomonas syringae pv. glycinea*», o número máximo de submostras que, dentro dunha mostra de polo menos 5.000 (cinco mil) sementes por lote dividida en cinco submostras, se encontren contaminadas polos citados microorganismos non deberá exceder as catro.

En caso de que nas cinco se detecten colonias sospeitosas, estas poderanse illar nun medio preferencial e someterse ás probas bioquímicas pertinentes con obxecto de confirmar o cumprimento das normas ou condicións establecidas anteriormente.

b) Con respecto a «*Diaporthe phaseolorum var. phaseolorum*», o número máximo de sementes contaminadas non deberá exceder o 15 por 100.

c) A porcentaxe en peso de materia inerte, obtida de acordo cos actuais métodos internacionais de análise, non deberá exceder un 0,3 por 100.

4.^a Para as sementes comerciais serán de aplicación os requisitos indicados para a última categoría de semente certificada, excepto os de pureza varietal.

ANEXO 3

Pesos dos lotes e das mostras

Especie e categoría	Peso máximo do lote (quilogramos)	Peso mínimo das mostras que se tomarán dun lote (gramos)	Peso da mostra para efectuar as contaxes do anexo 2 (gramos)
Durmideira	10.000	50	10
Cacahuete	30.000	1.000	1.000

Especie e categoría	Peso máximo do lote (quilogramos)	Peso mínimo das mostras que se tomarán dun lote (gramos)	Peso da mostra para efectuar as contaxes do anexo 2 (gramos)
Cártamo	25.000	900	900
Colza	10.000	200	100
Xirasol:			
Semente de prebase	30.000	100	100
Semente de base e certificada	30.000	1.000	1.000
Liño	10.000	300	150
Mostaza branca	10.000	400	200
Mostaza negra e da China	10.000	100	40
Nabiña	10.000	200	70
Soia	30.000	1.000	1.000

Observacións:

Nos pesos máximos dos lotes admítense unha tolerancia do 5 por 100.

Os lotes de semente de base estarán constituídos por sementes procedentes dun só campo.

Os lotes de semente certificada poden proceder dunha ou varias parcelas da mesma zona.